



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMN@S "VÍA STELLAE"
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Monte dos Postes, s/n - 15703 Santiago de Compostela

<https://anpaviastellae.wordpress.com/>

anpacmus@gmail.com

Curso escolar 2020-2021

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE O BANCO DE LIBROS

A ANPA Vía Stellae, do Conservatorio Profesional de Música de Santiago, pretende dar continuidade ao “**banco de libros**” que puxemos a andar hai tres cursos.

Os obxectivos que queremos son a recuperación dun material coa finalidade de que os nosos fillos e fillas aprendan os valores da **reciclaxe e da reutilización**, e conquistar o **aforro económico**, que é algo tamén moi necesario e especialmente interesante nestes momentos.

Queremos deixar claro que **isto non é un negocio**, doar libros non significa que se vaian recibir; significa que se vai entrar nun reparto, en igualdade co resto dos doantes; pero, evidentemente, cantos máis doemos, maiores as posibilidades de ser receptores.

Cada familia interesada en recibir libros, deberá cubrir unha ficha feita ao efecto, que deberá entregar na conserxería do Conservatorio. É moi importante que estean cubertos todos os datos de maneira clara.

A data para tope para a **entrega dos libros xa usados**, xunto coa ficha cuberta, será **ata o 18 de setembro de 2020**. Lembrarlle tamén ás persoas beneficiarias do banco de libros no curso pasado, que deben facer devolución dos libros recibidos.

Nese mes de **setembro**, e previo ao inicio do curso, tendo en conta os libros recibidos de cada curso, farase unha asignación de libros. No caso de que haxa menos libros para entregar que solicitudes, faríase un sorteo en acto público dos mesmos (en día e hora que se anunciaría coa suficiente antelación).

Se o caso é que hai máis libros doados ca solicitudes, os sobrantes quedarán en posesión da ANPA para cubrir futuras necesidades que poidan presentarse.

Moi importante:

O libro que o Departamento de Linguaxe Musical estableceu como obrigatorio desde o curso 2017-2018 é o de Ana M. Navarrete, que será válido para os próximos 6 cursos e é o que recollemos e entregamos no Banco de Libros. A alternativa por parte do profesor a este libro é a de non usar ningún.

1. **Se** fose o caso de que ao teu fillo ou filla **lle recomendan mercar outro diferente**, por favor, ponte en contacto directamente coa Dirección do Centro ou coa Anpa.

Todas as comunicacións relativas ás incidencias, convocatorias, etc, que teñan que ver co Banco de Libros serán divulgadas no taboleiro da ANPA (a carón do de secretaría)

Agradecemos de antemán a túa colaboración, tanto na difusión desta iniciativa como na túa participación no banco de libros.